

## Circular Triatlón e Muller (13/11/2023).

# Convocatoria II CAMPUS ADESTRAMENTO MULLER E TRIÁTLON Pontevedra

**Obxectivo:** Promoción do triatlón feminino.

**Data:** 25 e 26 de novembro de 2023

**Nº Prazas:** 20

**Dirixido a:** Deportistas con licenza en vigor de Triatlón ou que tramiten licenza temporal de 1 día, maiores de idade e de calquera nivel.

### Servizos

Aloxamento en Pensión completa e actividades de adestramento e ocio dirixidas por persoal técnico titulado e adaptadas a diferentes niveis.

### Prezos:

Deportistas con licenza galega tempada-	20 €
Deportistas con licenza temporal de 1 día	35 €
Deportistas con licenza de outras comunidades-	45 €

### Inscrición e procedemento:

Ata o domingo 19 de novembro, ás 23:59

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado [Regulamentos/Inscricións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Accederase a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/ Inscricións](#) e accedendo no calendario ao evento de referencia. Unha vez que se accede ao evento picarase na ligazón INSCRICIÓN, e deberase introducir o número de licenza e a data de nacemento.

### **Baixas e política de Devolucións:**

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com).

Ata o remate da inscrición devolverase a cota de inscrición íntegra a través da tarxeta de abono.

As baixas comunicadas ata o martes, 21 de novembro ás 14:00 h. terán a devolución do 50% da inscrición.

As baixas comunicadas a partir do martes, 21 de novembro ás 14:00 h. non terán dereito á devolución.

\* En caso de **cancelación** do evento **devolverase a cota de inscrición íntegra** na tarxeta de abono. Nin a Federación, nin a organización se fará cargo de ningún outro gasto que o/a deportista puidese ter realizado con motivo da súa previsión de participación no evento.

### **Listaxe de agarda:**

Esgotadas as prazas abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o mércores 21 de novembro ás 16:00 h..

### **Outra información:**

- O Campus comezará o sábado 25 de novembro, ás 9:00 h. e finalizará o domingo, 26 de novembro, ás 19:30 h.
- As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento destas actividades (natación, ciclismo e carreira a pé).

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico [triatlonemuller@fegatri.org](mailto:triatlonemuller@fegatri.org) poñendo en copia a [info@fegatri.org](mailto:info@fegatri.org)